

Data de publicación: 2 de abril de 2007

## “Unha páxina máis”

Artigo de María Reimóndez Meilán. A autora reflexiona sobre a imaxe das nenas nos libros infantís e xuvenís



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

# UNHA PÁXINA MÁIS

*-María, apaga a luz*

*-Unha páxina máis...*

Polas noites, na miña casa, repetíase sempre esta mesma conversa. Unha conversa sobre viaxar sen moverse, sobre a intensidade de non querer deixar nunca de vivir vidas que non son a propia. Unha conversa que me había de marcar para sempre e que me habería levar dende pouco despois de aprender a escribir, a buscar unha maneira de falar como a min me falaban eses libros que me querían manter esperta sempre unha páxina máis.

Esa páxina máis comezoume a chamar e a pedirme contrapartida. Co meu caderno que tiña un mono na portada comecei a explorar en pequenos poemas o mundo que me rodeaba. E se cadra foi aí onde entendín o que quería que fose para min a literatura. Falar sobre o mundo que me rodea, comunicar, entender quen son e quen somos as persoas no todo dos pobos, as comunidades, os países, os hemisferios, os planetas e os universos. Na literatura non hai límites porque todo pode acontecer. Ou en teoría todo pode acontecer.

Porque cando eu comecei a busca desa páxina que sempre quería que durase un pouco máis había moitas cousas que non acontecían. E outras que acontecían en exceso. Comezaba a cargarse de follas un libro que non me dei conta ata pasado un tempo o moito que pesaba e o grande que era e por iso o necesario que resultaba abrillo de novo, reescribilo e enchelo de cousas diferentes.

***Tardei aínda uns anos en comprendelo totalmente.  
Tardei uns anos en coller o libro que xa levaba ben  
prendido ás costas e comezar a revisar o seu interior.  
Foi daquela cando me decatei de que na miña literatura  
da infancia podía pasar calquera cousa.... se eras un  
neno. Por iso eu de pequena quería ser un neno.***

Nas miñas lecturas infantís había tan poucas protagonistas nas que mirarme que chegara a conclusión de que o mellor era ser un neno. Porque eu non podía encaixar nos contos de princesas agardando o bico do príncipe, nin tampouco no das nenas que tiñan medo e eran sempre, por algunha razón inexplicable, as vítimas do perigo que tocase. Moito menos me resignaba a non existir, simplemente. Non entendía por que as rapazas ficaban sempre no segundo plano, as veces que existían, e por que nunca se falaba de nós dunha maneira principal. As excepcións eran moi poucas. Tampouco aparecían neses libros mulleres adultas que fixesen cousas para min coñecidas ou interesantes. As

relacións entre nenos e nenas nunca eran tampouco á par, cando había un neno o escenario estaba copado pola súa presenza en termos absolutos. Tampouco atopaba nada que me falase das relacións entre mulleres e nenas. Obviamente, había as súas excepcións, como a de Berti Bartolotti, aquela muller excéntrica que vestía de inverno no verán, que non tiña en conta o que o mundo pensase dela, e que finalmente mercara sen decatarse un neno nunha lata de conservas e despois tivera que facer o que puidera para crialo.

No meu libro gordo de lecturas de infancia eran moitos os estereotipos, moi poucas as alternativas que eu, nena, tiña ante min. Daquela eu pensaba que a única alternativa a esta situación era ser un neno, e non por un lexítimo problema de identidade sexual senón máis ben por un problema de identidade social porque os modelos que tiña diante eran aqueles nos que eu non quería encaixar. Aqueles que seguen facendo de nós boas mulleres (submisas, caladas, secundarias) e homes (dominantes, protagonistas, centrais) para o patriarcado. E eu, aínda que daquela non sabía o que era exactamente o patriarcado, si podía intuilo e sentirme incómoda. Porque a fin de contas o que dicían todas esas imaxes era o mesmo, só que de forma subliminar, que as manidas frases “iso é cousa de nenos”, “iso é cousa de nenas”, “os nenos non choran”, etc. A literatura ten moitas funcións, unha delas a de conformar as nosas identidades (por imitación ou repulsión), sobre todo cando esta, pola nosa idade, está en plena formación. Por iso decidín que cumpría reescribir o libro ao meu xeito e comecei a narrar.

Primeiro foron os meus contos e relatos que o meu pai con paciencia mecanografaba na máquina de escribir e fotocopiaba e grampaba para que eu tivese as miñas copias limitadas. Xa daquelas, aos meus oito, nove anos, as miñas protagonistas eran nenas, esas que me faltaban, que saían á procura de aventuras e que querían ver o mundo por si mesmas, ser protagonistas das súas vidas e non un mero accesorio na masculina trama principal.

E se cadra foron eses primeiros chanzos os que me levaron a andar. A tentar escribir unha literatura infantil na que non predominen os estereotipos, na que as nenas poidamos ser tamén rabudas, afoutas, primeiras persoas e os nenos poidan ser sensibles, calados ou estar nun segundo plano. Porque precisamos un equilibrio, unha diversidade, un rachar co preestablecido. As nenas e as mulleres necesitamos recuperar un espazo que nunca tivemos. Só así poderá haber un espazo realmente compartido. Aínda que hai camiño andado entre a miña infancia e o momento actual segue sen ser suficiente. Son aínda minoritarias as historias protagonizadas por nenas ou aquelas onde se presentan papeis flexibles de xénero en diferentes sentidos.

No camiño damos pasos con botas que fixeron para nós outras persoas. Dámos pasos coas palabras, coa lingua que nos deixaron. Unha lingua que está urxente tamén de reforma. Porque nela as nenas e as mulleres somos invisibles. Hai moitas maneiras de evitar a linguaxe sexista, e a literatura permite ser creativas ao máximo. Utilizar xéneros novos, utilizar o termo xeral “persoa” e incluír a nenas e nenos, a personaxes co seu sexo determinado cando as describimos, sen escurecer a existencia desa diferenza que socialmente nos marca, polo de agora para mal, para o resto da nosa vida. Na linguaxe está a base da nosa maneira de entendernos e de entender e nos libros que lemos cando nenas poden seguirse poñendo os chanzos da invisibilidade ou os da visibilidade e a alternativa. Eu opto por este segundo caso.

Agora estou aquí, novamente diante dunha páxina. Cada libro que nace, un novo comezo, unha nova relación coas pequenas e pequenos lectores. As mensaxes sexistas son tantas (como as do consumismo, as da discriminación racial, as do heterosexismo obrigatorio...) que a literatura ten que ser tamén un foco de resistencia, un calidoscopio onde nenas e nenos aprendan a ver e a verse como realmente queren ser, un mundo onde poidamos construír a nosa identidade dende a pluralidade, rachando cos estereotipos. Para iso as persoas que escribimos temos que facernos conscientes dos lentes que levamos, porque todo isto do que falo pasou e segue pasando desapercibido para tantas persoas (os estereotipos, a linguaxe). É a responsabilidade de quen escribe reflexionar sobre o seu papel na mantenza daquelo que nos constitúe. As nenas e os nenos teñen aínda a capacidade de ler sen a dor dos lentes do xénero totalmente instalados, están aínda en proceso. Os nenos non senten o desinterese (e no peor dos casos ameaza) de moitos homes adultos ao ver que un libro o protagoniza unha nena, igual que non acontece ao contrario (as nenas estamos afeitas a ler unha maioría de textos escritos por homes sobre nenos e homes, polo de agora maioría, que seguen formando estereotipos). E ese é o garante do cambio, o único que pode ir desdebuxando as fronteiras do xénero e cambiar realmente as relacións entre homes e mulleres no futuro.

Son demasiadas as veces que sentimos as persoas que escribimos literatura infantil que esta é unha especie de irmá menor da literatura para persoas adultas. Porén, é na literatura infantil onde se poñen os lombos dos libros que habemos escribir na vida cos nosos actos. Aí é onde residen as nosas heroínas e heroes, onde se agochan as palabras que logo cultivaremos, as formas de ser que nos convencen. E é na literatura infantil onde o traballo no cambio dos papeis de xénero ten maior relevancia. A literatura para nenas e nenos ten sempre moitas lecturas e esta ten que ser unha delas. A busca dun espazo onde non se reformule e se reproduza o sexismo. E por iso eu, antes de apagar a luz, sigo reclamando unha páxina máis.

María Reimóndez